



Dirección Xeral de Planificación Enerxética
e Recursos Naturais
Edificio Administrativo San Caetano s/n
Bloque 5, 4ª Planta
15781 Santiago de Compostela

Expediente IET: P-21-751
Proxecto: Modificación do parque eólico Figueiras
Concellos: Mondoñedo, Alfoz e O Valadouro (Lugo)
Promotor: Fergo Galicia Vento Pee, S.L.

Con data 23/08/2022 recibíuse no Instituto de Estudos do Territorio (IET) un escrito da Subdirección Xeral de Enerxía, por medio do cal se dá traslado da documentación achegada polo promotor en relación aos informes emitidos polo IET en datas 03/12/2021 e 16/06/2022 sobre o estudo de impacto e integración paisaxística do proxecto de modificación do parque eólico Figueiras.

A citada documentación inclúe unha adenda ao estudo de impacto ambiental ("*Modificación de la posición del aerogenerador F-3 en respuesta al informe del IET*"), datada en xullo de 2022, na que, entre outros contidos, queda plasmado o desprazamento do aerogenerador F-3 uns 50 metros cara ao leste.

Co citado desprazamento redúcese a incidencia sobre os afloramentos rochosos existentes no lugar, como consecuencia do que se sinalara no informe do IET de 03/12/2021, e en concordancia co que manifestaban os escritos da empresa promotora de contestación aos informes do IET.

En consecuencia, poden considerarse cumprimentadas as observacións dos anteriores informes do IET, no que atinxe ás afeccións do aerogenerador F-3.

Jose Antonio Serantes Barbeito
Director do Departamento Técnico de Estudos

(Na data da sinatura electrónica)

